

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

*Convocatoria de proceso selectivo para elaborar unha lista de aspirantes a nomeamentos de funcionarios interinos e/ou contratacións de persoal laboral temporal para postos de técnico superior de informática (A1)*

#### ANUNCIO

**RESOLUCIÓN 6284/2016, DO 22/02/2017, POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA ELABORAR UNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E/OU LABORAL TEMPORAL PARA POSTOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA (A1) DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente relativo á convocatoria do procedemento para elaborar unha lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou persoal laboral temporal para postos de Técnico/a superior de informática (Grupo A1) de Administración Especial, no que se acreditan os seguintes

#### I.- ANTECEDENTES

**I.1.-** Tendo en conta a necesidade urxente de cubrir varios postos de Técnico/a superior de informática vacantes na vixente Relación de Postos de Traballo, procede a súa cobertura mediante os correspondentes nomeamentos de funcionarios interinos, ata que as ditas prazas sexan cubertas polo procedemento regulamentario.

**I.2.-** O procedemento vixente nesta Deputación para a selección de persoal temporal está contido no Regulamento aprobado ao efecto, que establece o procedemento de elaboración das listas de aspirantes correspondentes, que se levará a efecto de conformidade coas bases que rexerán a convocatoria pública do proceso selectivo necesario.

#### II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Regulamento da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (BOP núm. 151, do 2 de xullo de 2008), en canto se refire ao procedemento para a selección mediante o sistema de listas.

De conformidade coa normativa citada e demais concordante e de aplicación,

#### RESOLVO:

Convocar o procedemento de elaboración dunha lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de Técnico/a superior de informática (Grupo A1) de Administración Especial, que se rexerá polas Bases aprobadas ao efecto pola Xunta de Goberno do 3 de febreiro de 2017.

As solicitudes de participación neste proceso poderán presentarse de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Bases para elaborar as listas para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal, para posibles nomeamentos e/ou contratacións laborais temporais, para postos de Técnico/a superior informática (A1), de administración especial.**

**Primeira.-** As solicitudes para tomar parte no proceso deberán presentarse no modelo oficial que se facilitará por esta Deputación Provincial (Rexistro Xeral, Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e na páxina web [www.dicoruna.es/diputacion/impresos](http://www.dicoruna.es/diputacion/impresos)), no prazo de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia, debidamente cubertas e acompañadas dos documentos que acrediten a titulación esixida e, no seu caso, os demais requisitos que se sinalen para cada posto dos que se trata (copias simples), ademais dunha fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade.

**Segunda.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia da Corporación, no prazo máximo de quince días, declarará aprobadas as relacións de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia,

establecéndose un prazo de dez días a efectos de reclamacións. Logo de rematado o dito prazo, a Presidencia aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e determinará o lugar, a data e hora de comezo do primeiro exercicio das probas selectivas, así como a relación nominal das persoas que compoñerán o Tribunal Cualificador, todo o que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceira.-** Os tribunais constarán dun/ha presidente/a, tres vogais funcionarios/as da Deputación e un/ha secretario/a, que haberán de cumprir os requisitos sinalados no art. 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e demais normativa aplicable. Os tribunais poderán dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista para as probas selectivas correspondentes, limitándose este a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Os tribunais terán a categoría e o dereito de percibir as contías correspondentes, de conformidade co disposto no R.D. 462/2002 e lexislación complementaria.

**Cuarta.-** Unha vez comezadas as probas selectivas e de conformidade coa normativa vixente, os anuncios de celebración das sucesivas probas expoñeranse nos locais nos que se celebrou a proba anterior, con doce horas de antelación, como mínimo con respecto ao seu comezo, si se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro, si se trata dun novo.

Unha vez que conclúan os procesos selectivos, os tribunais formularán as súas propostas á Presidencia da Corporación, para aprobar as listas correspondentes.

**Quinta.-** En todo o non previsto nestas Bases, estarase ao disposto no Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (BOP núm.151, do 02/07/2008) e na normativa de acceso á funcións pública vixente. Así mesmo, estas Bases e convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **Requisitos e forma de selección:**

**Requisitos:** licenciatura ou enxeñería en informática ou equivalente.

#### **Proba selectiva:**

**1º Exercicio obrigatorio e eliminatorio:** consistirá na contestación dun cuestionario de preguntas con respostas alternativas sobre as materias obxecto do temario que figura no seguinte programa, nun tempo máximo total dunha hora. A puntuación será de 00,00 ata 10,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 05,00 puntos.

**2º Exercicio obrigatorio e eliminatorio:** consistirá en resolver no tempo máximo de 2 horas, un suposto práctico relacionado coas funcións a desenvolver, a escoller por cada candidato entre dous que propoña o Tribunal. A puntuación será de 00,00 ata 10,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 05,00 puntos. Para a realización do suposto práctico as persoas aspirantes poden, en todo momento, facer uso dos textos legais e das coleccións de xurisprudencia dos que acudan provistos. A puntuación obtida será a media aritmética das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal.

**3º Exercicio.-** De carácter obrigatorio, excepto para quen teña acreditado o nivel de coñecemento do galego: Celga 4, que estará exento/a de realizar o exercicio. Consistirá na tradución nun tempo máximo de 1 hora dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

#### **Programa:**

##### **PARTE XERAL**

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. As Cortes. O Goberno. A Administración. A organización territorial do Estado na Constitución.

Tema 2.- O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade autónoma. Lei 1/83, do 22 de febreiro, da Xunta e o seu presidente

Tema 3.- Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local: disposicións xerais. O municipio. A provincia. Outras entidades locais. Disposicións comúns ás entidades locais. Réxime de organización dos municipios de gran poboación.

Tema 4.- RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais: recursos das provincias. Orzamento e gasto público.

Tema 5.- RDL 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público: persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos, deberes e código de conduta. Situacións administrativas. Adquisición e perda da relación de servizo. Réxime disciplinario.

Tema 6.- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas: da actividade das administracións públicas. Dos actos administrativos. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Da revisión dos actos en vía administrativa.

#### PARTE ESPECÍFICA

Tema 7.- Estrutura de datos e da información: Unidade de información. Medida da información. Codificación e rendemento. Estructuras de datos. Tipos de datos. Tipos abstractos de datos. Algoritmos de manipulación. Listas e pilas.

Tema 8.- Bases de datos: Conceptos de bases de datos. Clases de bases de datos. Os sistemas de xestión de bases de datos. Administración de bases de datos. Xestión de táboas e espazos de datos. As salvagardas. Os accesos. Dicionarios de datos. Bases de datos sen esquema (NoSQL).

Tema 9.- Bases de datos relacionais: O modelo relacional. Sistemas de xestión de bases de datos relacionais. Modelo entidade/relación expandido. SQL. Linguaxes 4GL. Organización de consultas. Índices. Oracle 10G e PLSQL.

Tema 10.- Normalización e Integridade: Formas normais de Codd. Formas revisadas. Normalización práctica. Integridade da información. Condicións de Integridade. Integridade referencial

Tema 11.- Arquitectura de computadores: Estrutura Von Newman. Unidades funcionais. Memoria. Procesadores. Periferia. Linguaxe máquina e ensambladores. Esquemas xerais de funcionamento.

Tema 12.- Normativa de administración electrónica: Esquemas nacionais e normas técnicas.

Tema 13.- Metodoloxías de planificación, análise, deseño, desenvolvemento e mantemento de sistemas de información: Metodoloxías tradicionais. Metodoloxías estruturadas. Metodoloxías orientadas a obxectos. A metodoloxía MÉTRICA do Consello Superior de Informática. Metodoloxías áxiles.

Tema 14.- Metodoloxía da programación: Linguaxes de programación. Linguaxes imperativas. Linguaxes procedementais. Programación funcional. Programación orientada a obxectos.

Tema 15.- Software de base: Conceptos de sistemas operativos. Principios sistemas operativos. Organización, estrutura e servizo dos sistemas operativos. Xestión e administración da memoria e os procesos. Xestión de entrada/saída. Xestores de datos. Virtualización. Conceptos e ferramentas.

Tema 16.- Telemática e redes de comunicación: Arquitectura de redes. O modelo de referencia OSI. Servizos e protocolos. Pilas de protocolos. TCP/IP Outros. LANs e WANs.

Tema 17.- Arquitectura Cliente/Servidor e proceso cooperativo: Arquitectura en tres ou máis niveis. Comunicación avanzada programa a programa. Programas de interfases de comunicacións. Procesos e arquitecturas cliente / servidor. Capas. Transaccións e mensaxes. Monitores de transaccións. Servidores de aplicacións.

Tema 18.- Técnicas operativas de planificación: Metodoloxías reticulares de planificación. Planificación de tempos. Nivelación de recursos. PERT, CPM, MCE e outros.

Tema 19.- Intercambio electrónico de documentos: Almacenamento. Transferencia. Usuarios. Centros de compensación. Software de usuario EDI.

Tema 20.- Sistemas criptográficos: Certificación. Criptografía. Deseño de sistemas criptográficos. Tipos de códigos. Disciplina. Criptosistemas con clave secreta. Criptosistemas con clave pública. Encriptamento de datos. Programas de detección de violacións de acceso. Servizos de certificación electrónica. Tarxetas intelixentes.

Tema 21.- Lexislación de protección de datos de carácter persoal: A directiva 95/46/CE, A Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (LOPD). A Axencia de Protección de Datos.

Tema 22.- Seguridade física das instalacións informáticas: Protección de áreas. Subministración eléctrica. Dispositivos electrónicos de protección. Sistemas e dispositivos contra incendios. Protección de inundacións. Radiacións electromagnéticas. Protección contra actos malintencionados.

Tema 23.- Normativa e técnicas de sinatura electrónica: Certificados dixitais.

Tema 24.- Os sistemas de información xeográfica (GIS).

Tema 25.- Xestión de datos corporativos: Almacén de datos (Data-Warehouse). Arquitectura OLAP. Minería de datos. Xeración de informes á dirección. Estratexias CRM (Customer Relationship Management): conceptos, vantaxes e impacto na organización.

Tema 26.- A rede internet. Orixe. Evolución: Tendencias actuais. Conectividade. Protocolos: Telnet, FTP, SSH, http, SMTP, etc. O World Wide Web. Comercio electrónico. Posta en marcha de servizos na rede. Internet 2. SEO. Redes sociais.

Tema 27.- Linguaxes e ferramentas para utilización en redes globais: HTML, XML, WML, servidores, navegadores e mecanismos de pago electrónico. HTML5. Javascript. PHP. Python.

Tema 28.- Contornas de desenvolvemento de aplicacións en contornas Internet/Intranet: Sistemas de xestión de contidos web. REST e servizos web en SOAP

Tema 29.- Servizos de directorio: Directorio electrónico. Protocolos X500 e LDAP Directorio activo.

Tema 30.- Protocolo IP: Conceptos. Características. Evolución Ipv4 e Ipv6, diferenzas.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 23 de febreiro de 2017

O PRESIDENTE/PDFR 1-10-2015/ O DEPUTADO

Antonio Leira Piñeiro

O SECRETARIO XERAL

José Luis Almau Supervía

2017/1572